

I. Disposicións xerais

XEFATURA DO ESTADO

5584 LEI 2/2007, do 15 de marzo, de sociedades profesionais. («BOE» 65, do 16-3-2007.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A evolución das actividades profesionais deu lugar a que a actuación illada do profesional se vexa substituída por un labor de equipo que ten a súa orixe na crecente complexidade destas actividades e nas vantaxes que derivan da especialización e división do traballo.

Así, as organizacións colectivas que operan no ámbito dos servizos profesionais foron adquirindo unha crecente difusión, escala e complexidade, con acusada tendencia en tempos recentes a organizar o exercicio das profesións colexiadas por medio de sociedades.

Neste contexto, a Lei de sociedades profesionais que agora se promulga ten por obxecto posibilitar a aparición dunha nova clase de profesional colexiado, que é a propia sociedade profesional, mediante a súa constitución de acordo con esta lei e a inscrición no Rexistro de Sociedades Profesionais do colexio profesional correspondente.

Para iso, establécese unha disciplina xeral das sociedades profesionais que facilite o desenvolvemento desta franxa dinámica do noso sistema social e económico e con tan acusada incidencia nos dereitos dos seus clientes. Así pois, a creación de certeza xurídica sobre as relacións xurídico-societarias que teñen lugar no ámbito profesional constitúese nun dos propósitos fundamentais que persegue a nova lei. Xunto con este, cómpre consignar un adecuado réxime de responsabilidade a favor dos usuarios dos servizos profesionais que se prestan no marco dunha organización colectiva.

En definitiva, esta nova Lei de sociedades profesionais constitúese nunha norma de garantías: garantía de seguranza xurídica para as sociedades profesionais, ás cales se lles facilita un réxime peculiar ata agora inexistente, e garantía para os clientes ou usuarios dos servizos profesionais prestados de forma colectiva, que ven ampliada a esfera de suxeitos responsables.

II

No primeiro aspecto, a nova lei consagra expresamente a posibilidade de constituír sociedades profesio-

nais stricto sensu. Isto é, sociedades externas para o exercicio das actividades profesionais a que se imputa tal exercicio realizado pola súa conta e baixo a súa razón ou denominación social. En definitiva, a sociedade profesional obxecto desta lei é aquela que se constitúe en centro subxectivo de imputación do negocio xurídico que se establece co cliente ou usuario, atribuíndolle os dereitos e obrigas que nacen del e, ademais, os actos propios da actividade profesional de que se trate son executados ou desenvolvidos directamente baixo a razón ou denominación social. Quedan, por tanto, fóra do ámbito de aplicación da lei as sociedades de medios, que teñen por obxecto compartir infraestrutura e distribuír os seus custos; as sociedades de comunicación de ganancias e as sociedades de intermediación, que serven de canalización ou comunicación entre o cliente, con que manteñen a titularidade da relación xurídica, e o profesional persoa física que, vinculado á sociedade por calquera título (socio, asalariado etc.), desenvolve efectivamente a actividade profesional. Trátase, neste último caso, de sociedades cuxa finalidade é a de prover e xestionar en común os medios necesarios para o exercicio individual da profesión, no sentido non de proporcionarlle directamente ao solicitante a prestación que desenvolverá o profesional persoa física, senón de servir non só de intermediaria para que sexa este último quen a realice, mais tamén de coordinadora das diferentes prestacións específicas seguidas.

O réxime que se establece tende a asegurar a flexibilidade organizativa: fronte á alternativa consistente na creación dunha nova figura societaria, óptase por permitir que as sociedades profesionais se acollan a calquera dos tipos sociais existentes no noso ordenamento xurídico.

Agora ben, ese principio de liberdade organizativa vese modulado por canto, en garantía de terceiros, toda sociedade profesional se ve compelida a cumprir os requisitos establecidos na nova lei; en caso contrario, non será posible a súa constitución e o seu incumprimento sobrevido suporá causa de disolución. As peculiaridades que se impoñen tenden a asegurar, dunha parte, que o control da sociedade corresponde aos socios profesionais, exixindo maiorías cualificadas nos elementos patri-moniais e persoais da sociedade, incluídos os seus órganos de administración, de xeito que as singularidades que de antigo caracterizaron o exercicio profesional, con acusados compoñentes deontolóxicos, non se vexan desnaturalizadas cando se instrumenta a través dunha figura societaria. Por esta razón se destaca, no artigo 4.4, a prohibición que pesa sobre as persoas en que conorra causa de incompatibilidade, prohibición ou inhabilitación para o exercicio da actividade profesional que constituía o obxecto social da sociedade profesional xa constituída ou que se pretenda constituír, de incorporarse como socios profesionais a tal sociedade durante a subsistencia daquelas causas. A relevancia dos socios profesionais tradúcese así mesmo, entre outros aspectos, na necesi-

dade permanente da súa identificación e no carácter en principio intransmisible das titularidades destes.

Ademais, e en coherencia co que antecede, sométese as sociedades profesionais a un réxime de inscrición constitutiva no Rexistro Mercantil en todos os casos, incluso cando se trate de sociedades civís, ademais da instauración dun sistema rexistral que se confía aos colexios profesionais co fin de posibilitar o exercicio das facultades que o ordenamento xurídico lles confire en relación cos profesionais colexiados, sexan persoas físicas ou xurídicas.

Certamente, xunto cos notarios, os rexistradores mercantís están chamados nestes casos a garantir a operatividade do sistema asegurando o cumprimento das obrigas legais mediante a cualificación dos documentos que se presenten para inscrición, tanto no inicial momento constitutivo da sociedade profesional coma, con posterioridade, ao longo da súa existencia.

Tamén se crea, con efectos puramente informativos, un portal da internet baixo a dependencia do Ministerio de Xustiza, así como nas comunidades autónomas.

III

En garantía dos terceiros que requiran os servizos profesionais establécese, xunto coa responsabilidade societaria, a persoal dos profesionais, socios ou non, que interviñesen na prestación do servizo, respecto das débedas que teñan nesta a súa orixe.

Este réxime de responsabilidade esténdese na disposición adicional segunda a todos aqueles supostos en que se produce o exercicio por un colectivo da actividade profesional, se amparen ou non en formas societarias, sempre que sexa utilizada unha denominación común ou colectiva, por canto xeran no demandante dos servizos unha confianza específica no soporte colectivo daquela actividade que non se debe ver defraudada no momento en que as responsabilidades, de existiren, deban ser exixidas; regra que só quebra nun suposto, en que se establece a responsabilidade solidaria e persoal de todos os partícipes ou socios: naqueles casos en que o exercicio colectivo da actividade profesional non se ampara nunha persoa xurídica, por carecer dun centro subxectivo de imputación de carácter colectivo.

IV

Os preceptos desta lei son de plena aplicación en todo o territorio nacional, amparados polos títulos competenciais exclusivos do Estado relativos á lexislación mercantil, á ordenación dos rexistros e instrumentos públicos e ás bases do réxime xurídico das administracións públicas.

Artigo 1. *Definición das sociedades profesionais.*

1. As sociedades que teñan por obxecto social o exercicio en común dunha actividade profesional deberán constituír como sociedades profesionais nos termos da presente lei.

Para os efectos desta lei, é actividade profesional aquela para o desempeño do cal se require titulación universitaria oficial, ou titulación profesional para cuxo exercicio sexa necesario acreditar unha titulación universitaria oficial, e inscrición no correspondente colexio profesional.

Para os efectos desta lei enténdese que hai exercicio en común dunha actividade profesional cando os seus actos propios sexan executados directamente baixo a razón ou denominación social e lle sexan atribuídos á sociedade os dereitos e obrigas inherentes ao exercicio da actividade profesional como titular da relación xurídica establecida co cliente.

2. As sociedades profesionais poderanse constituír conxuntamente calquera das formas societarias previstas nas leis, cumprindo os requisitos establecidos nesta lei.

3. As sociedades profesionais rexeranse polo disposto nesta lei e, supletoriamente, polas normas correspondentes á forma social adoptada.

Artigo 2. *Exclusividade do obxecto social.*

As sociedades profesionais unicamente poderán ter por obxecto o exercicio en común de actividades profesionais, e poderanas desenvolver quer directamente quer a través da participación noutras sociedades profesionais. Neste caso, a participación da sociedade terá a consideración de socio profesional na sociedade participada, para os efectos dos requisitos do artigo 4, así como para os efectos das regras que, en materia de responsabilidade, se establecen nos artigos 5, 9 e 11 da lei, que serán exixibles á sociedade matriz.

Artigo 3. *Sociedades multidisciplinares.*

As sociedades profesionais poderán exercer varias actividades profesionais, sempre que o seu desempeño non se declarase incompatible por norma de rango legal ou regulamentario.

Artigo 4. *Composición.*

1. Son socios profesionais:

a) As persoas físicas que reúnan os requisitos exixidos para o exercicio da actividade profesional que constituí o obxecto social e que a exerzan no seu seo.

b) As sociedades profesionais debidamente inscritas nos respectivos colexios profesionais que, constituídas conxuntamente o disposto na presente lei, participen noutra sociedade profesional.

2. As tres cuartas partes do capital e dos dereitos de voto, ou as tres cuartas partes do patrimonio social e do número de socios nas sociedades non capitalistas, deberán pertencer a socios profesionais.

3. Igualmente deberán ser socios profesionais as tres cuartas partes dos membros dos órganos de administración, de ser o caso, das sociedades profesionais. Se o órgano de administración for unipersoal, ou de existiren conselleiros delegados, estas funcións deberán ser desempeñadas necesariamente por un socio profesional.

4. Non poderán ser socios profesionais as persoas en que conorra causa de incompatibilidade para o exercicio da profesión ou profesións que constituían o obxecto social, nin aquelas que se atopen inhabilitadas para este exercicio en virtude de resolución xudicial ou corporativa.

5. Estes requisitos deberánse cumprir ao longo de toda a vida da sociedade profesional, constituíndo causa de disolución obrigatoria o seu incumprimento sobrevido, non sendo que a situación se regularice no prazo máximo de tres meses contados desde o momento en que se produciu o incumprimento.

6. Os socios profesionais unicamente poderán outorgar a súa representación a outros socios profesionais para actuar no seo dos órganos sociais.

Artigo 5. *Exercicio e imputación da actividade profesional.*

1. A sociedade profesional unicamente poderá exercer as actividades profesionais constitutivas do seu obxecto social a través de persoas colexiadas no colexio profesional correspondente para o seu exercicio.

2. Os dereitos e obrigas da actividade profesional desenvolvida imputaranse á sociedade, sen prexuízo da responsabilidade persoal dos profesionais recollida no artigo 11 desta lei.

Artigo 6. *Denominación social.*

1. A sociedade profesional poderá ter unha denominación obxectiva ou subxectiva.

2. Cando a denominación sexa subxectiva formarase co nome de todos, de varios ou dalgún dos socios profesionais.

3. As persoas que perdesen a condición de socio e os seus herdeiros poderán exixir a supresión do seu nome da denominación social, salvo pacto en contrario.

Non obstante, o consentimento de quen deixase de ser socio para o mantemento do seu nome na denominación social será revogable en calquera momento, sen prexuízo das indemnizacións que fosen procedentes.

4. O mantemento na denominación social do nome de quen deixase de ser socio que deba responder persoalmente polas débedas sociais, non implicará a súa responsabilidade persoal polas débedas contraídas con posterioridade á data en que causase baixa na sociedade.

5. Na denominación social deberá figurar, xunto coa indicación da forma social de que se trate, a expresión «profesional». Ambas as indicacións poderanse incluír de xeito desenvolto ou abreviado.

A denominación abreviada das sociedades profesionais formarase coas siglas propias da forma social adoptada seguidas da letra «p», correspondente ao cualificativo de «profesional».

Artigo 7. *Formalización do contrato.*

1. O contrato de sociedade profesional deberase formalizar en escritura pública.

2. A escritura constitutiva recollerá as mencións e cumprirá os requisitos recollidos na normativa que regule a forma social adoptada e, en todo caso, expresará:

a) A identificación dos outorgantes, expresando se son ou non socios profesionais.

b) O colexio profesional a que pertencen os outorgantes e o seu número de colexiado, o cal se acreditará mediante certificado colexial en que consten os seus datos identificativos así como a súa habilitación actual para o exercicio da profesión.

c) A actividade ou actividades profesionais que constitúan o obxecto social.

d) A identificación das persoas que se encarguen inicialmente da administración e representación, expresando a condición de socio profesional ou non de cada unha delas.

Artigo 8. *Inscripción rexistral das sociedades profesionais.*

1. A escritura pública de constitución deberá ser inscrita no Rexistro Mercantil. Coa inscrición, a sociedade profesional adquirirá a súa personalidade xurídica.

2. Na inscrición faranse constar as mencións exixidas, de ser o caso, pola normativa vixente para a inscrición da forma societaria de que se trate, as contidas no artigo 7.2 e, polo menos, os seguintes extremos:

a) Denominación ou razón social e domicilio da sociedade.

b) Data e indicación identificativa da escritura pública de constitución e notario autorizante; e duración da sociedade de terse constituído por tempo determinado.

c) A actividade ou actividades profesionais que constitúan o obxecto social.

d) Identificación dos socios profesionais e non profesionais e, en relación con aqueles, número de colexiado e colexio profesional de pertenza.

e) Identificación das persoas que se encarguen da administración e representación, expresando a condición de socio profesional ou non de cada unha delas.

3. Calquera cambio de socios e administradores, así como calquera modificación do contrato social, deberán constar en escritura pública e serán igualmente obxecto de inscrición no Rexistro Mercantil.

4. A sociedade inscribírase igualmente no Rexistro de Sociedades Profesionais do colexio profesional que corresponda ao seu domicilio, para os efectos da súa incorporación a el e de que este poida exercer sobre aquela as competencias que lle outorga o ordenamento xurídico sobre os profesionais colexiados.

A inscrición conterá os datos sinalados no parágrafo 2 deste artigo. Calquera cambio de socios e administradores e calquera modificación do contrato social serán igualmente obxecto de inscrición no Rexistro de Sociedades Profesionais.

O rexistrador mercantil comunicarlle de oficio ao Rexistro de Sociedades Profesionais a práctica das inscricións, co fin de que lle conste ao colexio a existencia da dita sociedade e de que se proceda a recoller estes extremos no citado rexistro profesional.

5. A publicidade do contido da folla aberta a cada sociedade profesional no Rexistro Mercantil e no Rexistro de Sociedades Profesionais realizarase a través dun portal na internet baixo a responsabilidade do Ministerio de Xustiza.

O acceso ao portal da internet será público, gratuíto e permanente.

Facúltase o Ministerio de Xustiza para establecer o réxime de organización, xestión e funcionamento do portal.

En idénticos termos, as comunidades autónomas poderán establecer un portal na internet no seu ámbito territorial.

Para estes efectos, os colexios profesionais remitirán periodicamente ao Ministerio de Xustiza e á comunidade autónoma respectiva as inscricións practicadas nos seus correspondentes rexistros de sociedades profesionais.

6. No suposto regulado no artigo 3, a sociedade profesional inscribírase nos rexistros de sociedades profesionais dos colexios de cada unha das profesións que constitúan o seu obxecto, quedando sometida ás competencias daquel que corresponda segundo a actividade que desempeñe en cada caso.

Artigo 9. *Desenvolvemento da actividade profesional e responsabilidade disciplinaria.*

1. A sociedade profesional e os profesionais que actúan no seu seo exercerán a actividade profesional que constitúa o obxecto social de conformidade co réxime deontolóxico e disciplinario propio da correspondente actividade profesional.

As causas de incompatibilidade ou de inhabilitación para o exercicio da profesión que afecten calquera dos socios faranse extensivas á sociedade e aos restantes socios profesionais, salvo exclusión do socio inhabilitado ou incompatible nos termos que se establece na presente lei.

2. En ningún caso será obstáculo o exercicio da actividade profesional a través da sociedade para a efectiva aplicación aos profesionais, socios ou non, do réxime disciplinario que corresponda segundo o seu ordenamento profesional.

Sen prexuízo da responsabilidade persoal do profesional actuante, a sociedade profesional tamén poderá ser sancionada nos termos establecidos no réxime disciplinario que corresponda segundo o seu ordenamento profesional.

3. Naquelas actividades profesionais que os estatutos colexiais sometan a visado, este expedirase a favor da sociedade profesional ou do profesional ou profesionais colexiados que se responsabilicen do traballo.

4. A sociedade profesional e o seu contratante poderán acordar que, antes do inicio da prestación profesional, a sociedade profesional poña á disposición do contratante, polo menos, os seguintes datos identificativos do profesional ou profesionais que vaian prestar os ditos servizos: nome e apelidos, título profesional, colexio profesional a que pertence e expresión de se é ou non socio da sociedade profesional.

Artigo 10. *Participación en beneficios e perdas.*

1. O contrato social determinará o réxime de participación dos socios nos resultados da sociedade ou, de ser o caso, o sistema conforme o cal deba determinarse en cada exercicio. Na falta de disposición contractual, os beneficios distribuiranse e, cando proceda, as perdas imputaranse en proporción á participación de cada socio no capital social.

2. Os sistemas consonte os cales deba determinarse periodicamente a distribución do resultado poderán basearse en ou modularse en función da contribución efectuada por cada socio á boa marcha da sociedade, sendo necesario nestes supostos que o contrato recolla os criterios cualitativos e/ou cuantitativos aplicables. A repartición final deberá en todo caso ser aprobada ou ratificada pola xunta ou asemblea de socios coas maiorías que contractualmente se establezan, as cales non poderán ser inferiores á maioría absoluta do capital, incluída dentro desta a maioría dos dereitos de voto dos socios profesionais.

Artigo 11. *Responsabilidade patrimonial da sociedade profesional e dos profesionais.*

1. Das débedas sociais responderá a sociedade con todo o seu patrimonio. A responsabilidade dos socios determinarase de conformidade coas regras da forma social adoptada.

2. Non obstante, das débedas sociais que deriven dos actos profesionais propiamente ditos responderán solidariamente a sociedade e os profesionais, socios ou non, que actuasen, e seranlles de aplicación as regras xerais sobre a responsabilidade contractual ou extracontractual que correspondan.

3. As sociedades profesionais deberán estipular un seguro que cubra a responsabilidade en que estas poidan incorrer no exercicio da actividade ou actividades que constitúen o obxecto social.

Artigo 12. *Intransmisibilidade da condición de socio profesional.*

A condición de socio profesional é intransmisible, salvo que medie o consentimento de todos os socios profesionais. Porén, poderase establecer no contrato social que a transmisión poida ser autorizada pola maioría dos ditos socios.

Artigo 13. *Separación de socios profesionais.*

1. Os socios profesionais poderanse separar da sociedade constituída por tempo indefinido en calquera momento. O exercicio do dereito de separación deberase exercer de conformidade coas exixencias da boa fe, e será eficaz desde o momento en que se lle notifique á sociedade.

2. Se a sociedade se constituíu por tempo determinado, os socios profesionais só se poderán separar, ademais de nos supostos previstos na lexislación mercantil para a forma societaria de que se trate, nos supostos previstos no contrato social ou cando concorra causa xusta.

Artigo 14. *Exclusión de socios profesionais.*

1. Todo socio profesional poderá ser excluído, ademais de polas causas previstas no contrato social, cando infrinxa gravemente os seus deberes para coa sociedade ou os deontolóxicos, perturbe o seu bo funcionamento ou sufra unha incapacidade permanente para o exercicio da actividade profesional.

2. Todo socio profesional deberá ser excluído cando fose inhabilitado para o exercicio da actividade profesional, sen prexuízo da súa posible continuación na sociedade co carácter de socio non profesional se así o prevé o contrato social.

3. A exclusión requirirá acordo motivado da Xunta Xeral ou Asemblea de socios, e en todo caso o voto favorable da maioría do capital e da maioría dos dereitos de voto dos socios profesionais e será eficaz desde o momento en que se lle notifique ao socio afectado.

4. A perda da condición de socio ou a separación, calquera que sexa a súa causa, non liberará o socio profesional da responsabilidade que puidese serlle exixible de conformidade co artigo 11.2 desta lei.

Artigo 15. *Transmisións forzosas e mortis causa.*

1. No contrato social, e fóra del sempre que medie o consentimento expreso de todos os socios profesionais, poderase pactar que a maioría destes, en caso de morte dun socio profesional, poidan acordar que as súas participacións non se transmitan aos seus sucesores. De non proceder a transmisión, aboarase a cota de liquidación que corresponda.

2. A mesma regra se aplicará nos supostos de transmisión forzosa entre vivos, aos cales para estes únicos efectos se asimila a liquidación de réximes de cotitularidade, incluída a da sociedade de gananciais.

Artigo 16. *Reembolso da cota de liquidación.*

1. O contrato social poderá establecer libremente criterios de valoración ou cálculo de acordo cos cales se deba fixar o importe da cota de liquidación que corresponda ás participacións do socio profesional separado ou excluído, así como nos casos de transmisión mortis causa e forzosa cando proceda.

2. Nestes casos, estas participacións serán amortizadas, salvo que a amortización sexa substituída pola adquisición das participacións por outros socios, pola propia sociedade ou por un terceiro, sempre que iso resulte admisible de conformidade coas normas legais ou contractuais aplicables á sociedade, ou ben exista consentimento expreso de todos os socios profesionais.

Artigo 17. *Normas especiais para as sociedades de capitais.*

1. No caso de que a sociedade profesional adopte unha forma social que implique limitación da responsabilidade dos socios polas débedas sociais, aplicaranse, ademais das restantes contidas nesta lei, as regras seguintes:

a) No caso de sociedades por accións, deberán ser nominativas.

b) Os socios non gozarán do dereito de subscripción preferente nos aumentos de capital que sirvan de canle para a promoción profesional, ben sexa para atribuírle a un profesional a condición de socio profesional, ben para incrementar a participación societaria dos socios que xa gozan de tal condición, salvo disposición en contrario do contrato social.

c) Nos aumentos de capital a que se refire a alínea anterior, a sociedade poderá emitir as novas participa-

cións ou accións polo valor que considere conveniente, sempre que sexa igual ou superior ao valor neto contable que lles sexa atribuíble ás participacións ou accións preexistentes e, en todo caso, ao valor nominal salvo disposición en contrario do contrato social.

d) A redución do capital social poderá ter, ademais das finalidades recollidas na lei aplicable á forma societaria de que se trate, a de axustar a carreira profesional dos socios, conforme os criterios establecidos no contrato social.

e) Para que a sociedade poida adquirir as súas propias accións ou participacións no suposto previsto no artigo 15.2 desta lei, deberase realizar con cargo a beneficios distribuibles ou reservas dispoñibles. As accións ou participacións que non fosen alleadas no prazo dun ano deberán ser amortizadas e, mentres tanto, seralles aplicable o réxime previsto no artigo 79 da Lei de sociedades anónimas e no artigo 40 bis da Lei de sociedades de responsabilidade limitada.

f) Canto ao réxime de retribución da prestación accesorio dos socios profesionais, poderá ser de aplicación o disposto no punto 2 do artigo 10.

2. As accións e participacións correspondentes aos socios profesionais comportarán a obriga de realizar prestacións accesorias relativas ao exercicio da actividade profesional que constituía o obxecto social.

Artigo 18. *Cláusula de arbitraje.*

O contrato social poderá establecer que as controversias derivadas del que xurdan entre os socios, entre os socios e os administradores e entre calquera destes e a sociedade, incluídas as relativas á separación, exclusión e determinación da cota de liquidación, sexan sometidas a arbitraje, de acordo coas normas reguladoras da institución.

Disposición adicional primeira. *Auditoría de contas.*

Os preceptos desta lei serán de aplicación, no non previsto na súa normativa especial, aos que realicen a actividade de auditoría de contas de forma societaria. Para os efectos do disposto nesta lei, considerarase como rexistro profesional das sociedades de auditoría e de colexiación dos seus socios o Rexistro Oficial de Auditores de Contas.

Disposición adicional segunda. *Extensión do réxime de responsabilidade.*

1. O réxime de responsabilidade establecido no artigo 11 será igualmente aplicable a todos aqueles supostos en que dous ou máis profesionais desenvolvan colectivamente unha actividade profesional sen constituírse en sociedade profesional consonte esta lei.

Presumirase que concorre esta circunstancia cando o exercicio da actividade se desenvolva publicamente baixo unha denominación común ou colectiva, ou se emitan documentos, facturas, minutas ou recibos baixo esta denominación.

2. Se o exercicio colectivo a que se refire esta disposición non adoptase forma societaria, todos os profesionais que o desenvolvan responderán solidariamente das débedas e responsabilidades que teñan a súa orixe no exercicio da actividade profesional.

Disposición adicional terceira. *Profesionais exceptuados dalgún dos requisitos legais.*

Esta lei será de aplicación a todos os profesionais colexiados no momento da súa entrada en vigor que

exerzan profesións en que a colexiación sexa obrigatoria e exixa o requisito de titulación do artigo 1.1, aínda que estes profesionais non reúnan a titulación descrita por non ser requirida no momento da súa colexiación.

Disposición adicional cuarta. *Modificación do Código de comercio.*

1. Modifícase o artigo 16.1.sétimo do Código de comercio, que quedará redactado co seguinte teor:

«Sétimo. As sociedades civís profesionais, constituídas cos requisitos establecidos na lexislación específica de sociedades profesionais».

2. Engádesse un punto oitavo ao artigo 16.1 do Código de comercio, coa seguinte redacción:

«Oitavo. Os actos e contratos que estableza a lei».

Disposición adicional quinta. *Réxime de Seguridade Social dos socios profesionais.*

Os socios profesionais a que se refire o artigo 4.1.a) da presente lei ateranse, no que se refire á Seguridade Social, ao establecido na disposición adicional décimo quinta da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de supervisión e ordenación dos seguros privados.

Disposición adicional sexta. *Oficinas de farmacia.*

Sen prexuízo do establecido nesta lei, a titularidade das oficinas de farmacia regularase pola normativa sanitaria propia que lles sexa de aplicación.

Disposición transitoria primeira. *Prazo de inscrición no Rexistro Mercantil.*

1. As sociedades constituídas con anterioridade á entrada en vigor desta lei, e ás cales lles fose aplicable a teor do disposto no seu artigo 1.1, deberanse adaptar ás previsións da presente lei e solicitar a súa inscrición, ou a da adaptación de ser o caso, no Rexistro Mercantil, no prazo dun ano desde a entrada en vigor desta.

2. Transcorrido o prazo establecido no punto anterior sen cumprirse o que nel se dispón, non se inscribirá no Rexistro Mercantil ningún documento. Exceptúanse os títulos relativos á adaptación á presente lei, ao cesamento ou dimisión de administradores, xerentes, directores xerais e liquidadores, e á revogación ou renuncia de poderes, así como á disolución da sociedade e ao nomeamento de liquidadores e aos asentos ordenados pola autoridade xudicial ou administrativa.

3. Transcorrido o prazo de dezoito meses desde a entrada en vigor desta lei sen que tivese lugar a adaptación e a súa presentación no Rexistro Mercantil, a sociedade quedará disolta de pleno dereito, e inmediatamente o rexistrador mercantil cancelará de oficio os asentos correspondentes á sociedade disolta.

Disposición transitoria segunda. *Constitución dos rexistros de sociedades profesionais e prazo de inscrición.*

No prazo de nove meses contados desde a entrada en vigor desta lei, os colexios profesionais e demais organizacións corporativas deberán ter constituídos os seus respectivos rexistros profesionais. As sociedades constituídas con anterioridade á entrada en vigor desta lei e ás cales lles fose aplicable a teor do disposto no seu artigo 1.1, deberán solicitar a súa inscrición no correspondente Rexistro de Sociedades Profesionais no prazo máximo dun ano contado desde a súa constitución.

Disposición transitoria terceira. *Exencións fiscais e reducións arancelarias.*

Durante o prazo dun ano contado desde a entrada en vigor desta lei, os actos e documentos precisos para que as sociedades constituídas con anterioridade se adapten ás súas disposicións estarán exentos do imposto sobre transmisións patrimoniais, nas súas modalidades de operacións societarias e de actos xurídicos documentados, e gozarán da redución que determine o Consello de Ministros por proposta do de Xustiza nos dereitos que os notarios e os rexistradores mercantís deban percibir como consecuencia da aplicación dos respectivos aranceis.

Disposición transitoria cuarta. *Réxime transitorio de incompatibilidades profesionais.*

Mentres non entre en vigor o real decreto a que se refire o punto 2 da disposición derradeira segunda desta lei, permanecerán vixentes as normas sobre incompatibilidades para o exercicio de actividades profesionais actualmente aplicables.

Disposición derogatoria única.

Queda derogada a disposición adicional septuaxésima da Lei 30/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2006.

Disposición derradeira primeira. *Carácter da lei.*

Os preceptos desta lei son de aplicación plena e dítanse en virtude do disposto no artigo 149.1.6.^a da Constitución; así como, no que se refire ao artigo 8, puntos 1, 2 e 3, ao abeiro do artigo 149.1.8.^a da Constitución; e no relativo ao artigo 8, puntos 4, 5 e 6, ao artigo 9 e á disposición transitoria segunda, ao abeiro do artigo 149.1.8.^a e 18.^a da Constitución; que declaran respectivamente a competencia exclusiva do Estado en materia de lexislación mercantil, ordenación dos rexistros e instrumentos públicos e bases do réxime xurídico das administracións públicas.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

1. Autorízase o Consello de Ministros para ditar cantas disposicións de aplicación e desenvolvemento da presente lei sexan necesarias.

2. Autorízase en particular o Consello de Ministros para que, oídas as respectivas organizacións colexiais, regule mediante real decreto o exercicio profesional no seo das sociedades que teñan por obxecto o exercicio de varias actividades profesionais e o réxime de incompatibilidades que sexa aplicable ás sociedades profesionais e aos profesionais que nelas desenvolvan a súa actividade.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 15 de marzo de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

5585 *LEI 3/2007, do 15 de marzo, reguladora da rectificación rexistral da mención relativa ao sexo das persoas. («BOE» 65, do 16-3-2007.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Esta lei ten por obxecto regular os requisitos necesarios para acceder ao cambio da inscrición relativa ao sexo dunha persoa no Rexistro Civil, cando esta inscrición non se corresponde coa súa verdadeira identidade de xénero. Prevé tamén o cambio do nome propio para que non resulte discordante co sexo reclamado.

A transexualidade, considerada como un cambio da identidade de xénero, foi amplamente estudada xa pola medicina e pola psicoloxía. Trátase dunha realidade social que require unha resposta do lexislador, para que a inicial asignación rexistral do sexo e do nome propio poidan ser modificadas, coa finalidade de garantir o libre desenvolvemento da personalidade e a dignidade das persoas cuxa identidade de xénero non se corresponde co sexo con que inicialmente foron inscritas.

De acordo coa regulación que se establece nesta lei, a rectificación rexistral do sexo e o cambio do nome diríxense a constatar como un feito certo o cambio xa producido da identidade de xénero, de xeito que queden garantidas a seguranza xurídica e as exixencias do interese xeral. Para isto, o dito cambio de identidade debebase acreditar debidamente e a rectificación rexistral levarase a cabo de acordo coa regulación dos expedientes gubernativos do Rexistro Civil.

Mediante esta lei, España súmase a aqueles países da nosa contorna que contan cunha lexislación específica que lle dá cobertura e seguranza xurídica á necesidade da persoa transexual, adecuadamente diagnosticada, de ver corrixida a inicial asignación rexistral do seu sexo, asignación contraditoria coa súa identidade de xénero, así como a levar un nome que non resulte discordante coa súa identidade.

Por último, refórmase mediante esta lei o artigo 54 da Lei do Rexistro Civil do 8 de xuño de 1957. Para garantir o dereito das persoas á libre elección do nome propio, derrógase a prohibición de inscribir como nome propio os diminutivos ou variantes familiares e coloquiais que non alcanzasen substantividade.

Artigo 1. *Lexitimación.*

1. Toda persoa de nacionalidade española, maior de idade e con capacidade suficiente para isto, poderá solicitar a rectificación da mención rexistral do sexo.

A rectificación do sexo comportará o cambio do nome propio da persoa, para efectos de que non resulte discordante co seu sexo rexistral.

2. Así mesmo, a persoa interesada poderá incluír na solicitud a petición do traslado total do folio rexistral.

Artigo 2. *Procedemento.*

1. A rectificación da mención rexistral do sexo tramitase e acordase con suxeición ás disposicións desta lei, de acordo coas normas establecidas na Lei do Rexistro Civil, do 8 de xuño de 1957, para os expedientes gubernativos.

Na solicitud de rectificación rexistral deberase incluír a elección dun novo nome propio, salvo cando a persoa queira conservar o que teña e este non sexa contrario aos requisitos establecidos na Lei do Rexistro Civil.